

**ALBERTO PENSADO SEIJAS, en calidade de Secretario Accidental do Concello de Marín,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na súa sesión celebrada o día 27 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (avaliables mediante xuízo de valor e cuantificables mediante a aplicación de fórmulas), tramitación ordinaria e licitación electrónica, das obras contempladas no proxecto “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, cofinanciadas con cargo á subvención da Deputación de Pontevedra, Plan Máis Provincia 2024.(2024 CO142-003).**

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** Con data 14/03/2024, a Xunta de Goberno Local, actuando como órgano de contratación, no exercicio das atribucións que lle foron delegadas por resolución da Alcaldía de data 20/06/2023, adoptou acordo motivado de iniciación da tramitación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación, da obra de “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, motivándose a necesidade do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais desta Administración Pública.

**Segundo.** O investimento será financiado nun 100% con cargo á subvención, por importe de 284.752,16 €, concedida pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro do Plan Máis Provincia 2024.

**Terceiro.-** O proxecto técnico que define as obras a executar, redactado polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia Mahieu, en outubro de 2022, refundido asinado en febreiro de 2023 e correccións de data 16.01.2024, cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 235.332,36 euros, foi supervisado polos técnicos municipais e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en data 23/02/2023, previa acreditación do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, nos termos do art. 147.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia. Efectuouse o seu replanteo, quedando acreditada a dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución da obra.

**Cuarto.** Incorporáronse ao expediente os preceptivos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas (PPT), segundo os

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035 Fecha: 21/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	---	--



cales se tramita un expediente de carácter ordinario, cuxa adxudicación se propón por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor e avaliábeis mediante fórmulas.

**Quinto.** Entre a documentación preparatoria do expediente, consta Memoria xustificativa da necesidade, idoneidade e eficiencia do contrato, subscribida polo enxeñeiro técnico municipal, en data 23/01/2024, coa cal se dá cumprimento ás esixencias dos artigos 28 e 116.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### PRIMEIRO. Lexislación aplicable.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE - LCSP-.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas - RXLCAP-. (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LBRL-.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia - LALG-.

### SEGUNDO. Natureza e obxecto do contrato e xustificación da non división en lotes.

O presente contrato ten natureza de contrato administrativo de obras.

O artigo 13 da LCSP, define o contrato administrativo de obras como aquel que ten por obxecto un dos seguintes:

- a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I.
- b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.

O apartado 2 do citado artigo 13 sinálanos que por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñería civil, destinado a

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E8001308CA00W013H4C3P906



cumprir de por si unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmueble.

Tamén se considerará «obra» a realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do terreo ou do seu voo, ou de mellora do medio físico ou natural.

Pola súa banda, o apartado 3 dispón que os contratos de obras se referirán a unha obra completa, entendendo por esta a susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das ampliacións de que posteriormente poida ser obxecto e comprenderá todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

Non obstante o anterior, o citado precepto prevé que poderán contratarse obras definidas mediante proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra completa, sempre que estas sexan susceptibles de utilización independente, no sentido do uso xeral ou do servizo, ou poidan ser substancialmente definidas e preceda autorización administrativa do órgano de contratación que funde a conveniencia da referida contratación.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, por non cumprir os requisitos do artigo 20 da LCSP, xa que o seu valor estimado é inferior a 5.350.000 €.

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece como regra xeral a realización independente de cada unha das partes do contrato mediante a súa división en lotes, sempre que a súa natureza e obxecto o permitan. Non obstante o anterior, o artigo 99.3 da LCSP permite ó órgano de contratación excepcional esta regra xeral o obxecto do contrato *“cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente”*. Ao tempo, considera motivos válidos a estes efectos, entre outros, *“o feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos os extremos deberán ser, no seu caso, xustificadas debidamente no expediente”*.

Pois ben, á luz do precepto antedito, poden facerse as seguintes consideracións:

- Dado que o artigo 99.3 da LCSP constitúe a excepción á regra xeral, a súa aplicación deberá ser obxecto de interpretación estrita.
- Como di o precepto, os extremos nos que ha de basearse a existencia dun único lote deberán ser xustificadas *“deditamente”* no expediente. Con esta esixencia o legislador quixo que no expediente consten, coa adecuada

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W0I3H4C3P9O6 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



pormenorización, as razóns técnicas que dificultarían a correcta execución do contrato, de dividirse en lotes, cuxa concorrencia no caso concreto debe ser fundada e xustificada (véxase Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais 755/2018, de 16 de agosto, recurso 692/2018).

A Memoria xustificativa do contrato subscripta polo enxeñeiro técnico municipal, que forma parte do expediente, consigna as razóns técnicas que dificultarían a correcta execución do contrato, de dividirse en lotes, recollendo a seguinte información a este respecto:

*“- Non se procede á división en lotes da obra obxecto do contrato, por darse o suposto previsto no artigo 99.3.b) da LCSP, é dicir, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, así como obstaculizaría a coordinación da execución no caso de existir unha pluralidade de contratistas diferentes.*

*- Ambos extremos xustificanse nas propias características da obra; en que o proxecto non contempla a súa execución por lotes, resultando a reformulación do dito proxecto antieconómico para o Concello; e polo feito de que para a súa execución resulta necesario o emprego de maquinaria e equipos especializados que de ter que ser empregados e/ou executados de xeito sucesivo e non simultáneo, implicaría un encarecemento innecesario da obra.”*

### **TERCEIRO. Preparación do expediente de contratación.**

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e que deberá ser publicado no perfil de contratante. No expediente xustificárase adecuadamente:

- a) A elección do procedemento de licitación.
- b) A clasificación que se esixa aos participantes.
- c) Os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo.
- d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen.
- e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



f) Nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.

A xustificación da necesidade do contrato, nos termos dos artigos 28 e 116.4.e) LCSP da LCSP, xunto co resto de extremos enumerados no artigo 116.4 da LCSP, inclúese na documentación preparatoria do expediente, que consta de:

- Memoria xustificativa da necesidade e idoneidade do contrato, subscrita polo enxeñeiro técnico municipal, de data 23/01/2024 (arts. 63.1.a) e 116.4 da LCSP), na que se xustifica: a necesidade á que se pretende dar satisfacción e idoneidade do obxecto do contrato para cubrila, a insuficiencia de medios da Entidade, a elección do procedemento de adxudicación, os criterios de solvencia e de adxudicación, e a condición especial de execución proposta, o valor estimado do contrato, así como a decisión da non división en lotes do obxecto do contrato.
- Acordo de inicio do expediente adoptado polo órgano de contratación (Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía), coa xustificación da necesidade do contrato (art. 116.1 LCSP).

De conformidade co artigo 63.3 LCSP, os devanditos documentos serán obxecto de publicación no Perfil de contratante do Concello de Marín, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Por tanto, o expediente de contratación cumpre co contido do art. 116 LCSP, no formal.

No material, obsérvase que o contrato obedece ao cumprimento de fins e competencias propias do concello e acredítase a insuficiencia de medios materiais e persoais para executar a prestación directamente pola Entidade.

#### **CUARTO.- Procedemento de adxudicación.**

En relación ao procedemento a seguir, o artigo 131.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que a adxudicación do contrato administrativo realizarase, ordinariamente utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

A elección do procedemento de licitación aparece xustificada na Memoria subscrita polo enxeñeiro técnico municipal en data 23/01/2024, tal como esixe o art. 116.4.a) da LCSP, na que se indica: “[...] O procedemento máis adecuado, a tenor do artigo 159 da Lei 9/2017, sería o aberto simplificado, por ser o seu valor estimado inferior a 2 millóns de euros e por outro lado, entre os criterios de adxudicación previstos non se contempla ningún evaluable mediante xuízo de valor ou, de habelo, a súa ponderación non supera o vinte e cinco por cento do total (25 %).[...]”.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E8001308CA00W013H4C3P906



Os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras, subministración e servizos cando se cumpran as dúas condicións seguintes:

a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros no caso de contratos de obras, e no caso de contratos de subministración e de servizos, que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 140.000 euros.

b) Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría e arquitectura, en que a súa ponderación non poderá superar o corenta e cinco por cento do total.

No presente suposto concorren as dúas condicións que permiten a utilización do procedemento aberto simplificado.

O procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da LCSP 9/2017 ten por obxectivo axilizar o procedemento, simplificando os seus trámites. Este procedemento permite aplicar criterios de adxudicación tanto obxectivos como subxectivos, sempre que estes últimos non superen o 25% do total, como é o caso.

Unha das características que diferencia o procedemento aberto simplificado do resto de procedementos, derivada do artigo 159.4.a) LCSP, é a esixencia relativa á inscrición de todos os licitadores que desexen participar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou o correspondente da Comunidade Autónoma (Rexistro Xeral de Contratistas, no caso de Galicia). A inscrición no mesmo, por tanto, é obrigatoria, configurando este requisito de participación que pode derivar en motivo de exclusión en caso de carecer dela.

As proposicións dos licitadores deberán presentarse, necesaria e unicamente no lugar indicado no anuncio de licitación. Con esa determinación o establece a lei, o que supón non aceptar outros modos de envío de oferta non previstos, dando lugar á súa exclusión. Esta circunstancia só ocorre no procedemento simplificado, e parece obedecer á celeridade e sinxeleza que se pretende dar á tramitación destes expedientes.

A presentación de ofertas levarase a cabo utilizando, exclusivamente, medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na Disposición adicional décimo quinta da LCSP.

**Tramitación:** A tramitación do procedemento axustarase ás seguintes especialidades:

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S28333002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	---



- A publicación do anuncio de licitación unicamente terá que realizarse no perfil de contratante.
- O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a 20 días desde a publicación do anuncio nos contratos de obras e a 15 días nos contratos de subministración e de servizos.
- Todos os licitadores que se presenten deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores do Sector Público ou da Comunidade Autónoma á data final de presentación de ofertas.
- A proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente no Rexistro indicado no anuncio de licitación.
- Non se esixe a constitución de garantía provisional.
- A presentación da oferta esixirá a declaración responsable do asinante respecto de ostentar a representación da sociedade que presenta a oferta; contar coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica; contar coas autorizacións necesarias para exercer a actividade; non estar incurso en prohibición de contratar ningunha; e pronunciarse sobre a existencia do compromiso requirido para a integración da solvencia con medios externos. Adicionalmente, no caso de que a empresa fose estranxeira, a declaración responsable incluírá o sometemento ao foro español e, no suposto de presentarse por unha unión temporal de empresarios, deberá acompañar o compromiso de constitución da unión.
- A oferta presentarase nun único sobre cando non se contemplen criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor. En caso contrario, a oferta presentarase en dous sobres.
- Cando se valoren criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor, esta valoración farase nun prazo non superior a 7 días e con anterioridade ao acto público de apertura do sobre que conteña a oferta avaliable mediante a aplicación de fórmulas.
- No acto público de apertura dos sobres que conteñan as ofertas avaliables mediante a aplicación de fórmulas procederase á lectura do resultado da valoración das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor. A continuación, e na mesma sesión, a mesa procederá a:
  - a) Avaliar e clasificar as ofertas.
  - b) Realizar a proposta de adxudicación.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E8001308CA00W013H4C3P906



- c) Comprobar no Rexistro de Licitadores os requisitos de constitución, poder do asinante, solvencia e non estar incurso en ningunha prohibición para contratar.
- d) Requirir electronicamente á empresa mellor puntuada para que no prazo de 7 días hábiles constitúa garantía definitiva e achegue, no seu caso, o compromiso de constitución da unión temporal e a documentación xustificativa de que dispón dos medios comprometidos á execución.
- No caso de que a oferta mellor puntuada se presuma anormalmente baixa, o prazo máximo para a súa xustificación non será superior a 5 días hábiles. Se o órgano de contratación estimase que a empresa non xustificou satisfactoriamente o baixo nivel da oferta, excluíraa da clasificación e acordará a xustificación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas.
  - A adxudicación e formalización do contrato realizarase en prazo non superior a 5 días unha vez presentada a garantía definitiva e realizada a fiscalización do compromiso do gasto pola Intervención, cando sexa preceptiva.
  - Se o adxudicatario non presenta garantía en prazo, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato.
  - A declaración de urxencia do expediente non producirá a redución de prazos.

O prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación da obra de "Proxecto de mantemento da instalación da piscina municipal de Marín." recolle todas as especialidades procedimentais propias do procedemento aberto simplificado que se acaban de expoñer, adecuándose á normativa vixente.

#### **QUINTO. Licitación electrónica.**

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), establece unha decidida aposta a favor da contratación electrónica, establecéndoa como obrigatoria.

Así, na Disposición adicional décimo quinta da LCSP dispónse, entre outras cuestións, que tanto a presentación de ofertas e solicitudes de participación como as notificacións levaranse a cabo utilizando medios electrónicos. Esta obrigatoriedade de licitación e notificación electrónica é absoluta, coas excepcións taxadas na propia disposición adicional.

De acordo coa mencionada Disposición adicional décimo quinta da LCSP, a tramitación desta licitación leva a práctica das notificacións e comunicacións que se deriven por medios exclusivamente electrónicos.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E8001308CA00W013H4C3P906





A presentación de ofertas por medios electrónicos e a apertura das proposicións realizarase a través da ferramenta de xestión de licitacións electrónicas coa que conte a Administración, neste caso, a Plataforma de Contratación do Sector Público, accesible na dirección: <https://contrataciondelestado.es>, na que esta aloxado o Perfil de contratante do Concello de Marín.

O expediente debe ter formato electrónico. Esta obrigación establecida no artigo 70.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non é nova, senón que é esixible desde o 2 de outubro de 2016, e afecta a todos os expedientes administrativos, non só aos de contratación.

A apertura dos arquivos electrónicos farase a través da Plataforma Electrónica de Contratación do Sector Público (<https://www.contrataciondelestado.es>).

O sistema informático que soporte a plataforma electrónica de contratación pública terá un dispositivo que permita acreditar irrefutablemente o momento da apertura dos sobres e o segredo da información que estea incluída.

Igualmente, a práctica de todas as notificacións realizarase a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica. (Disposición adicional décimo quinta da LCSP). A LCSP non estableceu ningunha diferenza entre persoas físicas e xurídicas, por tanto, con independencia do suxeito pasivo da notificación, esta deberá ser electrónica.

Ademais, o sistema de notificacións electrónicas obrigatorias é aplicable a todos os actos da notificación a que se refire a Lei, xa se mencione expresamente neles ou non, de conformidade cos requisitos establecidos na Disposición Adicional décimo quinta.

Todas estas obrigacións legais están adecuadamente recollidas no prego sometido a informe.

#### **SEXTO. Perfil de contratante.**

De conformidade co artigo 63 da LCSP, deberán publicarse no Perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, os seguintes actos e documentos do expediente de contratación:

*«a) A memoria xustificativa do contrato, o informe de insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos, a xustificación do procedemento utilizado para a súa adxudicación cando se utilice un procedemento distinto do aberto ou do restrinxido, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que deban rexer o contrato ou documentos equivalentes, no seu caso, e o documento de aprobación do expediente.*

CSV: 07E8001308CA00W013H4C3P906

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



b) O obxecto detallado do contrato, a súa duración, o orzamento base de licitación e o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

c) Os anuncios de información previa, de convocatoria das licitacións, de adxudicación e de formalización dos contratos, os anuncios de modificación e a súa xustificación, os anuncios de concursos de proxectos e de resultados de concursos de proxectos, coas excepcións establecidas nas normas dos negociados sen publicidade.

d) Os medios a través dos que, no seu caso, se publicitou o contrato e enlaces a esas publicacións.

e) O número e identidade dos licitadores participantes no procedemento, así como todas as actas da mesa de contratación relativas ao procedemento de adxudicación ou, no caso de non actuar a mesa, as resolucións do servizo ou órgano de contratación correspondente, o informe de valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante un xuízo de valor de cada unha das ofertas, no seu caso, os informes sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade a que se refire o artigo 149.4 e, en todo caso, a resolución de adxudicación do contrato».

Igualmente serán obxecto de publicación no perfil de contratante a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, a desistencia do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

Os prazos para presentar as ofertas comezan a computarse a partir da publicación dos anuncios no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (artigos 134.2, 156.6, 159.3 LCSP).

### **SÉTIMO. Criterios de adxudicación.**

O artigo 145.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público sinala que a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación, en base á mellor relación calidade-prezo, aínda que, previa xustificación no expediente, os contratos poderanse adxudicar conforme criterios baseados nunha formulación que atenda á mellor relación custo-eficacia, sobre a base tanto do prezo ou custo, como o cálculo do custo do ciclo de vida.

A mellor relación calidade-prezo pode avaliarse conforme criterios económicos: custos, mellor relación custo-eficacia, custo do ciclo de vida, etc. (art. 145.1 LCSP) e cualitativos: valor técnico, características estéticas e funcionais, accesibilidade, deseño universal, características sociais, ambientais e innovadoras, etc. (art. 145.2 LCSP).

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W0I3H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E8001308CA00W0I3H4C3P906



Os criterios cualitativos que estableza o órgano de contratación para avaliar a mellor relación calidade-prezo poderán incluír aspectos ambientais ou sociais, vinculados ao obxecto do contrato na forma establecida no artigo 145.6 da LCSP.

Os criterios a que se refire o apartado 1 do citado artigo 145 que han de servir de base para a adxudicación do contrato estableceranse nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo, e deberá figurar no anuncio que sirva de convocatoria da licitación, debendo cumprir os seguintes requisitos (art. 145.5 LCSP 2017):

*«a) En todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no apartado seguinte deste artigo.*

*b) Deberán ser formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.*

*c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores».*

Considerarase que un criterio de adxudicación está vinculado ao obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestacións que deban realizarse en virtude do devandito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida. (art. 145.6 LCSP 2017).

O PCAP sometido a informe (cláusula 14) recolle os criterios de adxudicación propostos na Memoria xustificativa do contrato, na cal se indica: “[...]14.1) Criterios cuantificables automaticamente mediante fórmulas:

*As propostas presentadas puntuaranse cun máximo dun 75% da puntuación, de conformidade cos seguintes criterios avaliáveis mediante fórmulas:*

*1. Oferta económica [de 0 ata 65 puntos].*

*Asignarase o máximo de puntuación asignada a este criterio, 65 puntos, ao menor prezo ofertado, e determinarase proporcionalmente a puntuación das restantes ofertas de acordo coa seguinte fórmula:*

$$X = [O_{\min} / O_i] \times 65$$

*Sendo:*

*X: Puntuación atribuída á oferta económica a valorar.*

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



O min : Importe da oferta económica de contía mínima entre todas as admitidas.

O i : Importe da oferta económica que é obxecto de valoración.

2. Aumento do prazo de garantía, [de 0 a 10 puntos].

Só obterán puntuación por este criterio as ofertas que excedan do prazo legal mínimo de garantía dun ano, valorándose a razón de 2 puntos cada ano de aumento do prazo de garantía sobre o previsto legalmente dun (1) ano, cun máximo de 10 puntos.

14.2) Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

As propostas presentadas valoraranse cun máximo do 25% da puntuación, de conformidade cos seguintes criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor:

1. Memoria de traballo, ata un máximo do 9 % da puntuación
2. Programa e equipo de traballo, ata un máximo do 8 % da puntuación
3. Plan de actuacións ambientais, ata un máximo do 3 % da puntuación
4. Plan de control de calidade, ata un máximo do 5 % da puntuación."

Polo tanto, neste procedemento contémpanse dous tipos de criterios de adxudicación, aqueles cuxa cuantificación se realiza mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, e aqueles cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, a cal non supera o 25% do total, o que xustifica o emprego do procedemento aberto simplificado.

#### **OITAVO. Prego de Cláusulas Administrativas.**

O prego de cláusulas administrativas particulares axústase, no seu contido, ao disposto no artigo 122.2 do LCSP, incorporando os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigacións que asumirán as partes en virtude do contrato e incluíndo mención expresa a todos os extremos enumerados no citado precepto, polo que se informa favorablemente, en canto á legalidade das súas cláusulas.

En relación co contido do prego de cláusulas administrativas particulares cabe facer as seguintes observacións:

#### **1. Publicidade.**

A publicidade prevista no PCAP é a esixida pola norma. Este aspecto figura recollido na cláusula 11.

O anuncio de licitación do contrato unicamente precisará de publicación no Perfil de contratante. Coa LCSP 9/2017, o requisito de publicar no BOE se reserva tan só

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



respecto dos contratos da Administración Xeral do Estado, bastando para o resto das administracións coa publicación no Perfil de contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea cando se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada.

Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible por medios electrónicos desde o día da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

## 2. Criterios de solvencia técnica ou profesional e económica e financeira.

Na cláusula 7.2.2 do PCAP, concrépanse os criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación da solvencia, en consonancia cos artigos 87 e 88 da LCSP.

## 3. Condicións especiais de execución.

O artigo 202.1 da LCSP establece que, en todo caso, será obrigatorio establecer polo menos una das condicións especiais de execución de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde, de entre as que enumera o art. 202.2 da LCSP. Caso de non inclusión debe motivarse a mesma, xustificando as razóns da non relación co obxecto do contrato.

En cumprimento da devandita esixencia legal, establécese no PCAP (cláusula 22) unha condición especial de execución de carácter ambiental, vinculada ao obxecto do contrato, consistente na obrigação do adxudicatario de establecer medidas para o reciclaxe, reutilización e recuperación dos residuos de construción e demolición procedentes da obra.

Así mesmo, defínese no prego a forma de acreditar o cumprimento da devandita condición especial de execución mediante a entrega, coa acta de recepción das obras, da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición producidos na obra foron xestionados conforme ao disposto no art. 4.c do Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

## 4. Mesa de contratación.

O órgano de contratación estará asistido por unha mesa de contratación, nos termos previstos na cláusula 16 do PCAP.

A composición prevista no PCAP (cláusula 16), para a mesa de contratación axústase ao establecido no artigo 326 da LCSP e en súa Disposición adicional segunda.

## 5. Documentos a presentar polos licitadores, forma e contido das proposicións.

CSV: 07E8001308CA00W013H4C3P906

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



O contido das proposicións detállase na cláusula 13 do PCAP, que prevé a presentación da oferta en dous sobres ou arquivos electrónicos, ao preverse no prego criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor e criterios avaliábles mediante a aplicación de fórmulas.

Tal e como esixe a D.A. 15 da LCSP, a presentación de ofertas e documentos, así como as notificacións e comunicacións entre o órgano de contratación e os interesados neste procedemento realizarase obrigatoria e exclusivamente por medios electrónicos, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (cláusula 12 do PCAP), sendo excluídos aqueles licitadores que presenten as súas proposicións en formato papel.

## 6. Ofertas anormalmente baixas.

O PCAP establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas na súa cláusula 15.

## 7. Garantía provisional.

A participación no procedemento non require da constitución de garantía provisional, seguindo a regra xeral do artigo 106 LCSP, que establece que non procederá a súa esixencia, salvo cando de forma excepcional o órgano de contratación, por motivos de interese público, o considere necesario.

## 8. Garantía definitiva.

A garantía definitiva será esixible ao licitador que presente a mellor oferta, e ascenderá ao 5 % do prezo final ofertado, IVE excluído, tal e como dispón o artigo 107 da LCSP.

## 9. Indicación dos dereitos e deberes das partes do contrato.

Os dereitos e deberes do adxudicatario figuran recollidos na cláusulas 34 e 36 do PCAP.

## 10. Referencia ao réxime de pagos (art. 198 da LCSP).

Este aspecto figura recollido na cláusula 35 do PCAP.

## 11. Admisión de variantes ou alternativas.

A non admisión de variantes ou alternativas figura recollida no epígrafe 14 do cadro de características do contrato (C.C.C).

## 12. Subcontratación.

Admítese a subcontratación parcial das prestacións obxecto do contrato cos requisitos que establece o art. 215.2 da LCSP.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



O contratista deberá comunicar por escrito ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar, o seu importe e o perfil empresarial dos subcontratistas.

O PCAP contén os requisitos para a subcontratación, prevé a imposición de penalidades por incumprimento das obrigacións relativas á subcontratación (que cualifica de esenciais), así como o deber de comprobación por parte do Concello do cumprimento polo contratista da súa obrigación de abonar aos subcontratistas o prezo pactado.

### 13. Cesión do contrato.

De conformidade co previsto no artigo 214 da LCSP, a cesión do contrato só será posible cando obedeza a unha opción inequívoca dos pregos e dentro dos límites establecidos no devandito artigo.

Neste caso, o PCAP (cláusula 39.1) admite a cesión contractual, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 da LCSP e previa autorización do órgano de contratación.

### 14. Penalidades.

As establecidas con carácter xeral na LCSP e as expresamente mencionadas na cláusula 41 do PCAP.

### 15. Modificación do contrato.

O prego non prevé modificacións contractuais (cláusula 38) nin revisión de prezos (cláusula 5) e epígrafes 19 e 9 de C. C. C., respectivamente.

### 16. Resolución do contrato.

Terá lugar polas causas establecidas con carácter xeral na LCSP e as previstas na cláusula 45 do PCAP.

### 17. Réxime de recursos.

Tal e como consta na cláusula 46 do PCAP, as cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos poñen fin á vía administrativa e contra os mesmos poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición.

## NOVENO. Expediente de contratación.

No expediente de contratación figuran os documentos precisos a que fai referencia o artigo 116 da LCSP 2017 e que se enumeran nos antecedentes deste informe, aos que deberán sumarse o certificado de existencia de crédito e informe de Intervención de fiscalización do gasto.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W0I3H4C3P9O6 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



## DÉCIMO. Órgano competente para contratar.

De acordo coa Disposición Adicional Segunda da LCSP, e á vista tanto da duración do contrato (que non excede dos catro anos), como do seu valor estimado (inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, e á cifra de 6 millóns de euros), as competencias propias do órgano de contratación corresponden neste expediente á Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada pola Alcaldía -a quen corresponde a competencia orixinaria- a través da Resolución do 19 de xuño de 2019 (BOPPO Núm. 127 do 4 de xullo).

## CONCLUSIÓN

Do exposto cabe concluír que o expediente tramitado para a contratación da obra “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, adecúase á lexislación vixente, polo que se informa favorablemente.

De acordo co artigo 116.3 da LCSP, ó expediente deberán incorporarse, antes da súa aprobación, o certificado de existencia de crédito e o informe de Intervención de fiscalización do gasto.

Unha vez completado o expediente, a Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 20/06/2023, por unanimidade ACORDA:

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (avaliabes mediante xuízo de valor e cuantificables mediante a aplicación de fórmulas), tramitación ordinaria e licitación electrónica, das obras contempladas no proxecto “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, cofinanciadas con cargo á subvención da Deputación de Pontevedra por importe de 284.752,16 euros con cargo o Plan Máis Provincia 2024, cun orzamento base de licitación, IVE excluído, por importe de 235.332,36 euros, que equivale ao valor estimado do contrato, ao que se deberá repercutir 49.419,80 euros, correspondentes ao Imposto sobre o Valor engadido, e un prazo de execución de dezaseis meses.

**Segundo.** Aprobar o gasto correspondente, por importe máximo de 284.752,16 euros, IVE incluído, con cargo á aplicación correspondente do Orzamento de gastos do Concello de Marín.

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que ha de rexer a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, conforme ao artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación (avaliabes mediante fórmulas), tramitación ordinaria e licitación electrónica do presente contrato administrativo de obras.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035          Fecha: 21/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---





**Cuarto.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello de Marín, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para que, no prazo de vinte (20) días naturais desde o día seguinte ao da publicación, se presenten as proposicións que se estimen pertinentes (art.159.3 LCSP).

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse obrigatoriamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do Sector Público, no enderezo: <https://www.contrataciondelestado.es>, en dous sobres ou arquivos electrónicos coa documentación e requisitos esixidos nas cláusulas 12 e 13 do prego de cláusulas administrativas particulares.

E para que así conste, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación, por orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa-presidenta, en Marín, na data que figura ó pé deste documento, que é asinado dixitalmente.

Vº e prace,  
A ALCALDESA

María Ramallo Vázquez

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001308CA00W013H4C3P906 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 27/03/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 27/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2024 17:22:30</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-035 Fecha: 21/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--

CSV: 07E8001308CA00W013H4C3P906

